

## **Comunicado conxunto de Acción Galega, EcoGaleguistas e Máis Galiza**

As forzas políticas Acción Galega, EcoGaleguistas e Máis Galiza comunican á opinión pública que hoxe día 15 de maio se realizou a xuntanza prevista da mesa de dialogo na que participaron as devanditas forzas máis Encontro Irmandiño .

Nesta xuntanza constatouse a vontade de tódalas partes de continuar o proceso cara á constitución dun proxecto político e electoral, de carácter democrático, progresista, galeguista/nacionalista, cun compromiso radical cos principios éticos, a rexeneración política e a participación cidadá.

Neste sentido, as partes tamén expresaron o seu acordo en respectar as dinámicas e metodoloxía de cada organización, mantendo a colaboración e o dialogo entre elas e coa mira posta no obxectivo común previamente enunciado.

Pola súa banda, AG, EcoGal, +G, tamén anuncian que chegaron a un acordo sobre principios políticos e programáticos que será presentado de xeito inmediato á cidadanía para sometelo a un proceso aberto de deliberación pública e participativa.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2012

*Acción Galega*

*EcoGaleguistas*

*Máis Galiza*